

VII CAMPIONATO PROVINCIAL DE OURENSE DE 10 KM. EN RUTA INDIVIDUAL E POR EQUIPOS

1. ORGANIZACIÓN

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organiza o **“VII CAMPIONATO PROVINCIAL DE OURENSE DE 10 KM. EN RUTA INDIVIDUAL E POR EQUIPOS”** que terá lugar o **domingo, 17 de decembro de 2022** na localidade de **Ponte Noalla**, no concello de **San Cibrao das Viñas**, coincidindo coa disputa da **“XX Carreira Pedreste Concello de San Cibrao das Viñas”**.

A saída e a meta estarán situadas nas piscinas municipais de Ponte Noalla, nas inmediacións do Polígono de San Cibrao das Viñas.

O percorrido está homologado pola RFEA.

2. PARTICIPACIÓN

No Campionato Provincial de Ourense de 10 Km. en ruta só poderán participar os atletas con licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada 2023 tramitada pola Delegación Ourenzá, que pertencen a un Club Ourenán ou que naceran na provincia de Ourense (debendo acreditar estes últimos posuír licenza federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada en curso). Os atletas que incumpran o presente apartado non poderán participar.

3. INSCRICIÓNS

Os clubs e atletas federados deberán inscribirse na SDP da RFEA:
<https://sdp.rfea.es/auth/login>

Dispoñen de prazo para a inscrición ata as 20:00 h. do luns, 11 de decembro de 2023.


O custo da inscrición será asumido pola organización da **“XX Carreira Pedreste Concello de San Cibrao das Viñas”**.

4. HORARIO

O horario e as distancias a percorrer son os indicados no regulamento xeral da **“XX Carreira Pedestre Concello de San Cibrao das Viñas”**.

11:30 h.: Saída carreira adultos

13:30 h.: Entrega de trofeos e sorteo de agasallos



5. CLASIFICACIONES

Estableceranse clasificacións individuais en todas as categorías e por equipos na categoría absoluta:

Individuais* nas categorías (Homes e Mulleres):

SÉNIOR	Nados/as en 2000 e anteriores ata o ano en que cumpran 35 anos
SUB23	Nados/as en 2001 - 2002 - 2003
SUB20	Nados/as 2005/2005
MÁSTER A	De 35 a 44 anos
MÁSTER B	De 45 a 54 anos
MÁSTER C	De 55 anos en adiante

*Para o Campionato Provincial Individual contarán unicamente aqueles atletas que cumpran 3 das seguintes condicións:

- Ser cidadán español (acreditado mediante o carné de identidade).
- Ser ourensán de nacemento (acreditado mediante o carné de identidade ou partida de nacemento)
- Ter domicilio legal na provincia de Ourense (acreditado mediante certificado de empadramento).
- Estar en posesión de licenza federativa por un club da provincia de Ourense para a tempada 2023.

Por equipos:** na categoría ABSOLUTA masculina e feminina, trofeo aos 3 primeiros clubs da provincia de Ourense. O número de atletas dun equipo é libre, contando para a clasificación os 6 primeiros que cheguen a meta e contabilizando os postos dos 4 primeiros atletas de cada club. Realizando a clasificación da seguinte forma:

- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaran a lo menos a 4 atletas.
- Esta lista soamente estará formada polos atletas dos clubs que enviaran a inscrición no prazo previsto.





- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.
- Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados en cada equipo.
- Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto atleta rematara máis próximo ao vencedor da proba.

****Para a clasificación por equipos puntuarán todos aqueles atletas fichados por clubs da provincia de Ourense.**

6. PREMIOS

Concederanse os seguintes premios:

- Premio aos tres primeiros/as clasificados/as absolutos.
- Premio aos tres primeiros/as clasificados/as en cada categoría (SUB20, SUB23, SÉNIOR e MÁSTER A, B e C).
- Premio aos tres primeiros clubs da provincia de Ourense en categoría absoluta.

Para recibir o premio é obrigatorio asistir a cerimonia de entrega de premios.

Os participantes no Campionato Provincial que desexen optar aos premios da "XX CARREIRA PEDESTRE SAN CRIBRAO DAS VIÑAS" deberán aboar e formalizar a inscrición prevista pola organización a través da plataforma de inscrición da FGA <https://www.carreirasgalegas.com>

En Ourense a 16 de novembro de 2023

O DELEGADO DA FGA EN OURENSE

Ángel Fidalgo Vázquez

Asinado no orixinal

